



ASOCIACIÓN  
DE NAIS E PAIS  
DE ALUMNXS

C.E.I.P. Apóstolo Santiago



## ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES 2023-24

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES
	 CIRCO (SÓ INFANTIL)	 HÓCKEY	 PATINAXE	 BALONCESTO (≥5 ANOS)
16:30 - 17:30	 BAILE MODERNO	 MULTIXOGO CHAFARÍS (≥4 ANOS)	 CAPOEIRA	 BAILE GALEGO
	 XADREZ	 HORTA EN FAMILIA (ATA AS 18:00)	 MULTIXOGO CHAFARÍS (≥4 ANOS)	 ARTE E MANUALIDADES (SÓ PRIMARIA)
	 CANTO E PANDEIRETA EN FAMILIA	 CIRCO (SÓ PRIMARIA)	 NATACIÓN	
17:30 - 18:30			 CAPOEIRA EN FAMILIA	 BAILE GALEGO (17:15-18:15)



- 15€/MES POR ALUMNA/O, EXCEPTO HORTA, QUE SERÁN 20€
- PERÍODO DE INSCRIPCIÓN ENTRE O 11 E O 22 DE SETEMBRO
- AS PRAZAS ASIGNARANSE POR ORDE DE INSCRIPCIÓN
- ÁS ACTIVIDADES EN FAMILIA TAMÉN PODEN IR AS CRIANZAS SOAS



👁️ IMPRESCINDIBLE PARA TODAS AS FAMILIAS (INCLUIDAS BOLSEIRAS) O PAGO DA MATRÍCULA DAS EXTRAESCOLARES: 25 EUROS POR FAMILIA, para cubrir os gastos de xestión administrativa e o seguro das actividades. (As familias socias da ANPA teñen cuberta esta matrícula coa cota anual de 25€ 😊).

<- AQUÍ PODES ACCEDER AO FORMULARIO ONLINE PARA TE MATRICULAR.

**ATENCIÓN! HAI NOVIDADES. POR FAVOR, LEDE CON ATENCIÓN A SEGUINTE FOLLA** →



## COMO INSCRIBIRSE?

- 1.- Cubrir o formulario de inscrición, ben online (no QR) ben en papel, e neste último caso depositalo na caixa de correo da ANPA (na entrada principal do cole). **O PRAZO DE INSCRICIÓN PREFERENTE remata o 22 de setembro**. As/os inscritas/os despois desta data optarán ás prazas vacantes.
- 2.- O 25 de setembro publicarase a listaxe de admitidas/os no taboleiro da ANPA.
- 3.- Para que a matrícula sexa efectiva deberá realizarse o pagamento da matrícula e o mes de outubro no seguinte prazo: 25 de setembro - 1 de outubro.

## COMO PAGAR?

Se non es bolseira/o, o pagamento das actividades será abonado na primeira semana do mes en curso, por transferencia bancaria na conta de La Caixa ES68 0133 6197 4642 0000 1353. Nas transferencias indicárase no concepto "nome/s das participantes + mes" (excepto nas transferencias periódicas que non é necesario especificar o mes). Por favor, é importante pagar nos cinco primeiros días do mes. As adultas nas actividades en familia pagan o mesmo importe que as crianzas.

**IMPORTANTE:** informar ao monitorado das casuísticas que as familias consideredes importantes de cada neno/a (alergias, enfermidades, etc...).

**As actividades darán comezo o 2 de outubro!**

Podes contactar connosco a través do correo [extraescolaresanpaapostolo@gmail.com](mailto:extraescolaresanpaapostolo@gmail.com).

## DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

---

**CIRCO** (Jano Costas) Circo, palabra máxica transgresora da realidade que nos achega ao sorriso, á fantasía, á ilusión, ao milagre, ao voo... Espazo e tempo onde o imposible faise visible afastándonos da monotonía, do tempo regulado, da lóxica, da forza da gravidade, do cotián. A suxestión e o atractivo do circo residen na subversión física que permite realizar da realidade: desprazamentos inhabituais sobre as mans (figuras acrobáticas), suxeición a superficies dinámicas, aéreas (trapezio fixo ou volante), redución da superficie de apoio á mínima expresión (cable, funambulismo), ampliación da funcionalidade dalgunhas partes do corpo como os pés, que habitualmente permiten andar e desprazarnos, ao convertelos en protagonistas de xogos... O alumnado aprenderá as diferentes técnicas de circo pero ademais esta aprendizaxe ha suporlle unha mellora en diferentes aspectos persoais como a sensibilidade pola expresión corporal, o traballo da cooperación, o desenvolvemento da creatividade, a mellora na autosuperación, a constancia nas diferentes tarefas, o coñecemento do propio corpo, a mellora da autoestima... En definitiva, pretendemos que o mundo do circo favoreza o crecemento do alumnado como persoas.

**ARTE E MANUALIDADES** (Juan Pablo Venditti) As crianzas ao longo do curso traballarán diferentes técnicas e materiais de debuxo e pintura, desenvolvendo a súa creatividade, e a súa maneira de plasmar as súas ideas. A actividade extraescolar arte caracterízase polo seu valor creativo e pola liberdade de acción que adquire o individuo na práctica habitual desta extraescolar, axuda a desenvolver a creatividade, o recoñecemento de formas e patróns, o desenvolvemento motriz, desenvolver unha visión espacial e a aprender a diferenciar tons cromáticos, así como a asociar e diferenciar formas.

**CAPOEIRA** (Ana Varela) O Método Brincadeira de Angola ten o obxectivo de desenvolver potencialidades físicas, musicais, sociais e culturais, a través de actividades lúdicas, contribuíndo na formación de crianzas cooperativas, autónomas e conscientes. A metodoloxía é sólida e continuamente mellorada, aliando coñecementos científicos e saberes populares para formar unha verdadeira Pedagogía de Capoeira-Educación. Este ano como novidade, *Capoeira en familia* permite compartir esta experiencia lúdica, enérxica e interactiva creando novos vínculos.

**BAILE GALEGO** (Claudia Fidalgo) Aulas de introdución a música e ao baile tradicional galego, cun formato lúdico e ameno. Traballando sempre a través do xogo, búscase fomentar o desenvolvemento corporal e a psicomotricidade, a coordinación, o ritmo e a improvisación. Todo iso, atravesado por principios de igualdade e de desenvolvemento grupal, provomendo as habilidades sociais, a empatía, a colaboración, a solidariedade, a resolución de conflitos e o crecemento social das crianzas. Aprenderase as diferentes partes do baile tradicional e os seus elementos básicos, sempre acompañado de moita música.

**MULTIXOGO** (Chafarís: Cristina Neira e Kiko Cociña) Unha actividade lúdica arredor dos xogos de mesa. Xogando trataremos de resolver estraños casos, resolver retos e desafíos, ou viaxar a mundos fantásticos. Diferentes xogos de mesa lúdico-educativos, orientados a estimular destrezas como a atención, lecto-escritura, cálculo, concentración. Aprenderemos tamén a respetar a ecoloxía, a diversidade, a inclusión ou a igualdade de xénero. A través do xogo non só nos divertimos tamén potenciamos as relacións sociais extra-tecnolóxicas, propiciamos un lugar de encontro entre nenos e nenas, respetamos e nos facemos respetar, valoramos e recoñecemos os logros tanto alleos como propios e fortalecemos as funcións executivas. Esta actividade permite a inscrición por sesións soltas (5 euros) Co gallo de favorecer a conciliación, a actividade Multixogo poderá contratarse por días soltos avisando antes das 20.00 horas do día anterior, no caso de que haxa prazas dispoñibles (no teléfono: 981 069 422). Cada sesión solta terá un custo de 5 euros.

**NATACIÓN** (Piscina da USC). Todo o alumnado debe ter un mínimo de 6 anos ou cumprilos no 2023. Ten un prezo cuadrimestral de 60 euros (outubro- xaneiro e despois febreiro-maio). A Área de Deportes da USC esixe un rexistro online e a realización obrigatoria da tarxeta universitaria identificativa, así como a presentación do DNI das/os usuarias/os. HAI QUE LEVALOS/AS E RECOLLELOS/AS NA PISCINA UNIVERSITARIA.

**BALONCESTO** (ADB Fontiñas) A actividade de baloncesto está orientada a que a rapazada o pase ben e que aprenda baloncesto. Trátase de fomentar a aprendizaxe a partir de xogos e actividades non competitivas, baseada na educación en valores. Trátase dun adestramento semanal dunha hora, con grupos divididos por idade e con persoas tituladas como adestradoras de baloncesto. Ademais, de xeito optativo, a rapazada que queira poderá tamén xogar partidos nas fins de semana na liga de Santiago.

**CANTO E PANDEIRETA** (Jara Ortiz) A través do canto e da pandeireta achegarémonos ao noso patrimonio cultural, por suposto, pasándoo ben. A profesora será Jara Ortiz, música, cantareira e docente de ampla traxectoria na música tradicional, en formacións como Habelas Hainas. Este curso incorporamos a posibilidade de que sexa unha actividade interxeneracional e poder cantar e tocar todas xuntas.

**HÓCKEY PATÍNS** (Ainhoa García, Hóckey Club Raxoi) O hóckey patíns é un deporte moi dinámico e completo onde os nenos e as nenas desenvolven unha grande coordinación e equilibrio.

Procuramos que aprendan a patinar e aos poucos se inicien no noso deporte dun xeito ameno, fomentando a cooperación e o compañeirismo. Entre os obxectivos que pretendemos, se atopan a formación en valores, espírito de superación e o respecto, entendendo que a práctica do deporte xera sinerxias positivas nestes aspectos.

**PATINAXE** (Club Patín Oroso, Alexandre Antelo) Neste curso procuraremos que as nenas e nenos fagan unha iniciación á patinaxe artística. Aprender os desprazamentos en patinaxe, tanto para diante como para atrás, saltos, piruetas, e as figuras básicas de patinaxe artística. A metodoloxía busca a aprendizaxe mediante o xogo.

**HORTA** (Hortaclown: Xulio Morales e David Botana). Dous permacultores ilusionados poñen a atención na saúde das plantas para mellorar a relación coa natureza. Traballar nas hortas da escola, cultivar alimentos, labranza, cultivo de microorganismos, sementeiras, bombas de sementes “Nendo Dango”, asociación de cultivos, compostaxe... Transmitido dun xeito ameno e divertido, aplicando diversas metodoloxías como o clown ou a meditación.

**XADREZ** (Dan Cruz Álvarez de Ron) Nova actividade da man dun mestre con moita experiencia na enseñanza deste xogo que fomenta o desenvolvemento das habilidades cognitivas (atención, concentración, memoria). Iniciación para aqueles rapaces que se acheguen a actividade por primeira vez. Perfeccionamiento para os que coñezan o xogo. Ofrecerase a posibilidade de participación do colexio no campionato escolar comarcal no mes de marzo/abril.

**BAILE MODERNO** (Luisa Fernanda García Lago) Nova actividade que consiste en clases de danza moderna” por denominalas dalgunha forma, sen especificar ningún estilo concreto, xa que o método de traballo céntrase en cada semana traballar material diferente (tanto a nivel físico, a nivel de desenvolvemento de movemento, parte coreográfica, etc.) seguindo unha liña para que o alumnado vexa a súa evolución. A actividade consistirá en facer un previo quecemento, activando todas as zonas do corpo, e preparalo para a información. A continuación desenvolverase o ensino de diferentes pasos de baile propios do estilo en concreto que se vaia impartir esa semana e finalmente poñeranse en práctica estes pasos integrándoos cada semana en diferentes coreografías. Os últimos 10 minutos normalmente dedicarase ao estiramento de todas as zonas do noso corpo para evitar posibles lesións. Esta clase vai principalmente dirixida para o goce e desenvolvemento dos nenos/as e o método e desenvolvemento da clase poderase adaptar segundo as necesidades e preferencias do grupo.



ASOCIACIÓN  
DE PAIS E PAIS  
DE ALUMNXS

C.E.I.P. Apóstolo Santiago



## MATRÍCULA NAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES CURSO 2023/2024

Eu Don/Dona \_\_\_\_\_ con DNI/NIE \_\_\_\_\_,

solicito a inscrición das seguintes persoas da familia nas seguintes actividades extraescolares:

Nome e apelidos do / a participante	Curso	Actividades

As adultas que participen nas actividades en familia tamén deben inscribirse nesta ficha.

### Teléfonos de contacto para a/o monitora/o:

Teléfono1 \_\_\_\_\_ nome \_\_\_\_\_

Teléfono 2 \_\_\_\_\_ nome \_\_\_\_\_

email \_\_\_\_\_

### Persoas autorizadas a recoller aos nenos/as:

Solicitei bolsa de extraescolares ao Concello de Santiago de Compostela (Si  / Non )

**Para participar nas extraescolares aboarei a cota familiar de socia da ANPA ou a matrícula (25€), e mais o importe correspondente o mes de outubro.**

No caso de que a persoa asistente a esta extraescolar decidise deixar de acudir, terá que avisar por escrito (extraescolaresanpaapostolo@gmail.com) cun mínimo de 7 días antes de rematar o mes xa aboado.

En Santiago de Compostela, a \_\_\_\_\_ de 2023.

Asinado:

ENTREGAR ESTA FOLLA CUBERTA NA  
CAIXA DE CORREO DA ANPA 